



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 21 DE ABRIL DO 2016.**

**ASISTENTES:**

<p><b>Presidente:</b> D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p><b>Membros que asisten:</b></p> <p>D<sup>a</sup> Fabiola García Martínez D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos D. Víctor Reiriz Lampón D. Anxo Orellan Fernández</p>	<p><b>Interventor:</b> No asiste</p> <p><b>Secretario en funcións</b> D. José Martínez de Llano Orosa</p> <p><b>Membros que non asisten:</b></p> <p>D<sup>a</sup> María Herminia Pouso Maneiro D<sup>a</sup> María Esther Patiño Rey</p>
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día vinte e un de abril do dous mil dezaseis, reúnenos os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.**

Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 14 de abril de 2016.


**II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.**


**A) FACTURAS.**

Non se presenta ningunha factura para a súa aprobación

**B) PROPOSTAS DE GASTO.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





### III.- CONTRATACIÓN.

#### 1.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A "ADQUISICIÓN DE UN VEHÍCULO TURISMO (LOTE 1) PARA A POLICÍA LOCAL, MEDIANTE A MODALIDADE DE ARRENDAMENTO CON MANTEMENTO ("RENTING")".

Visto o expediente que se tramita para a **Adquisición de dous vehículos (un turismo e unha furgoneta) para a Policía Local, mediante a modalidade de arrendamento con mantemento ("renting")**, cun orzamento total por contrata de 151.008,00 euros (Valor estimado do contrato: 124.800,00 euros; IVE 21%: 26.208,00 euros) e una duración de 48 meses dende o día seguinte ao da entrega do vehículo.

O Prego de prescricións técnicas asinado polo xefe accidental da Policía Local Pedro Antonio Fernández Iglesias na data 07/03/2016, o Prego de cláusulas administrativas particulares, o expediente de contratación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, e o correspondente gasto con cargo a aplicación orzamentaria 132.20400, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 10/03/2016.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 53, da data 18/03/2016, e no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), da mesma data.


Á vista da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación unicamente presentou a súa oferta a empresa "Autos Iglesias, S.L.", que foi rexistrada de entrada na data 04/04/2016, co número 3.621.

A apertura do sobre "A" (de documentación administrativa), foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 08/04/2016, na que acordou declarar admitida a esta licitación á única empresa presentada, por considerar que a documentación aportada é correcta.

O acto público da apertura do sobre "B", comprensivo da documentación relativa ós criterios subxectivos avaliábeis mediante xuízos de valor (referencias técnicas), presentada unicamente polo lote 1 (vehículo turismo), realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 11/04/2016, quen, logo dunha sucinta lectura da documentación presentada no citado sobre "B", acordou dar traslado da mesma ós servizos técnicos municipais para que emitan o informe técnico debidamente motivado respecto dos criterios de valoración que figuran na cláusula 19ª (fase I) do Prego de cláusulas administrativas particulares.

Con data 12/04/2016, o xefe accidental da Policía Local emitiu o informe solicitado pola Mesa de Contratación na citada reunión da data 11/04/2016, co detalle que no mesmo se recolle e coa proposta de puntuacións correspondente.





Á vista do citado informe e da documentación presentada polo licitador no seu sobre "B", a **MESA DE CONTRATACIÓN**, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA outorga-las puntuacións que se resumen no cadro que se transcribe a continuación**, pola documentación incluída polo licitador no seu sobre "B" (de criterios cuantificables mediante xuízos de valor -referencias técnicas-):

Licitador	Autos Iglesias, S.L.	
Criterio de valoración	Puntuación	
Características técnicas do vehículo	7,00	
Condições do servizo de asistencia técnica e de mantemento	5,00	
Melloras ao prego en canto ao equipamento do vehículo	4,00	
Melloras ao prego en canto ás condicións do alugamento	2,00	
Total		18,00


Seguidamente, xa en acto público, a **MESA DE CONTRATACIÓN** dá conta do resultado anteriormente sinalado, procedendo a continuación á apertura do sobre "C" (de criterios valorables de forma automática –oferta económica e redución do prazo de entrega-) do único licitador presentado e admitido, dando o resultado que se detalla a continuación e á vista do que **ACORDA outorga-las puntuacións que tamén se indican**, unha vez efectuadas as valoracións aplicando os criterios e fórmulas que figuran na cláusula 19ª (fase II) do Prego de cláusulas administrativas particulares:


Licitador	Autos Iglesias, S.L.		
Criterio de valoración	Oferta	Puntuación	
Prezo do alugamento e mantemento ("renting") (sen IVE)	42.960,00 euros	50,00	
Abono por defecto de quilometraxe (sen IVE)	0,051 euros	2,50	
Cargo por exceso de quilometraxe (sen IVE)	0,00 euros	2,50	
Redución do prazo de entrega do vehículo	25 días	5,00	
Total		60,00	

Vistos os antecedentes expostos, así como a cláusula 20ª do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 15/04/2016.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 15/06/2011 (ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común), **ADOPTA OS SEGUINTEs ACORDOS:**





**PRIMEIRO.**- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN, as proposicións admitidas á contratación denominada “Adquisición de un vehículo turismo (Lote 1) para a Policía Local, mediante a modalidade de arrendamento con mantemento (“renting”)”,** do seguinte xeito:

Orde	Licitador	Puntuación		
		Sobres B	Sobres C	TOTAL
1º	Autos Iglesias, S.L.	18,00	60,00	78,00

**SEGUNDO.**- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir a “Autos Iglesias, S.L.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 20ª do prego de cláusulas administrativas particulares.**

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.


Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.


## **2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO “CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN DO VERÁN E NADAL CULTURAL”.**

Visto o expediente que se tramita para contratar o servizo denominado “CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN DO VERÁN E NADAL CULTURAL”.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Proposta de contratación, na que se xustifica a necesidade de realizar a





contratación, asinada polo programador de exposicións do departamento de cultura Unai González Suárez de data 14/04/2016 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.

- 2.- Prego de prescricións técnicas redactado polo programador de exposicións do departamento de cultura Unai González Suárez de data 14/04/2016, cun prazo de duración de 2 anos, prorrogable por 2 anos máis e cun orzamento total polos dous anos de contrata (prórrogas excluídas) de 95.953,00 euros (valor estimado do contrato (prórrogas excluídas): 87.230,00 euros; IVE 10%: 8.723,00 euros).
- 3.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 14/10/2015.
- 4.- Documento contable “RC” expedido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 20/04/2016 (número de operación 2016 22005550), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 334 22609.
- 5.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral en funcións José Martínez de Llano Orosa na data 20/04/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 6.- Informe de fiscalización previa emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 20/04/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establecen os artigos 10 e 19 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).


Vistos os artigos 110, 115 e 116 do TRLCSP.


Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación do servizo denominado “CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN DO VERÁN E NADAL CULTURAL”,** co orzamento que se indica a continuación, cun prazo de duración de 2 anos, que se poderá prorrogar con carácter anual e ata un máximo de 2 prórrogas.

PERÍODO	VALOR ESTIMADO	IVE (10%)	PREZO CON IVA
Verán 2016	46.060,00 €	4.606,00 €	50.666,00 €
Nadal 2016/2017			
Verán 2017	41.170,00 €	4.117,00 €	45.287,00 €





Nadal 2017/2018			
PREZO TOTAL	87.230,00 €	8.723,00 €	95.953,00 €

**SEGUNDO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 334 22609.**

**TERCEIRO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas redactado polo programador de exposicións do departamento de cultura Unai González Suárez de data 14/04/2016.**

**CUARTO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto, multiplicidade de criterios de adjudicación e con tramitación ordinaria.**

**QUINTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adjudicación.**

**SEXTO.-** Conforme establece a cláusula 9 do Prego de cláusulas administrativas particulares, ó tratarse dun contrato que non está suxeito a regulación harmonizada, a licitación anunciarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Perfil de Contratante do Concello (artigos 142 e 53 do TRLCSP).

#### **IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### **V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS**


Non se presenta ningún expediente para a súa dación de conta


#### **VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### **VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.**

Vistos os escritos presentados por Ramón Souto Caneda actuando en nome e representación de **UNEDA, S.L.**, de data 17/03/2016 (Rexistros de entrada nº 2.779 e 2.781), nos que solicita a **renuncia expresa da licenza de obras nº 235/07**, solicitando asimismo a devolución do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), así como a devolución do aval.





A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 18/03/2016, ao informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 23/03/2016, así como ao informe de devolución de ingresos do Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 28/03/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.- ACEPTAR A RENUNCIA EXPRESA** da licenza urbanística municipal de obra presentada por Ramón Souto Caneda actuando en nome e representación de UNEDA S.L. en relación á **LICENZA DE OBRA Nº 235/07**, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 29.3.07 para levar a cabo a construción de edificio de vivendas na Rúa das Agradas – Rúa do Voluntariado, Corrubedo, Riveira, **DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.**

**Segundo.-** Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra nº 235/07, formulada por **UNEDA, S.L.**, coa seguinte contía: **32.762,86 €.**

**Terceiro.-** Que se proceda á devolución do aval depositado como condicionante da licenza de obras nº 235/07, coa seguinte contía: **20.094,01 €.**

**Cuarto.-** Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.


Visto o escrito presentado por **Genaro Cadabal González**, de data 05/04/2016 (Rexistro de entrada nº 3.645), no que solicita certificación relativa á titularidade de camiño sito en Estrís-Gándara - Artes.


A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 08/04/2016, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Categoría do solo: Núcleo Rural

#### ANTECEDENTES

En la escritura de propiedad que forma parte del proyecto que consta en expediente de agrupación-segregación de parcelas Nº 34/2015 se manifestaba la existencia de camino público antes de la segregación así como en el plano de parcelas iniciales Nº





02/04 del citado proyecto. Se otorgó licencia de agrupación-segregación para una pequeña modificación de uno de los lados de la parcela pasando de 2 a 4,08 m.

No se encuentran antecedentes sobre cesiones previas.

#### DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

- Fotografía aérea
- Ficha catastral del inmueble con referencia 15074 A 039011780000KY
- Fotografía aérea de Google Earth

#### ANALISIS

Analizada la documentación presentada no puede deducirse con exactitud el carácter del camino ya que se evidencia la existencia de un paso o camino en las fotografías antiguas (se aprecia con claridad el cambio de color)

En la información catastral no se representa el mismo en el tramo que interesa, es decir, el que está en contacto con la parcela.

En la escritura presentada como ya se ha señalado en el apartado antecedentes consta camino en contacto con la parcela.

Consultado el Planeamiento municipal no aparece reflejado en la documentación gráfica.

Consultado el Departamento de Obras de este Ayuntamiento se comprueba que bajo el camino discurre una conducción de saneamiento público una de cuyas arquetas se aprecia a simple vista.

Consultado el propietario de una parcela que da frente al camino manifiesta que en su Título de Propiedad figura como camino de pies.

En la visita realizada se puede observar que existe un camino de ancho reducido, compatible con camino de pies.

#### CONCLUSIÓN

De la documentación que consta en expediente y a pesar de que no se puede determinar con exactitud parece razonable suponer la existencia de camino.

#### IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.


#### **RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á CORRECCIÓN DA LICENZA DE SEGREGACIÓN E POSTERIOR AGRUPACIÓN Nº 6/16.**

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira e Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.

SITUACIÓN: Avda de Ferrol s/n, Riveira.







CONCELLO  
DE  
RIVEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

REFª CATASTRAIS: 0425727NH0102N0001TI e 0425728NH0102N0001FI

PARCELAS INICIAIS:

PARCELA A (FINCA MATRIZ): Parcela con refª catastral nº 0425727NH0102N0001TI segundo medición realizada e contemplada no Modificado do Estudio Técnico de 2.798,00 m<sup>2</sup> que linda: Norte José García Pérez e Ramona Reiriz González (parcela B á que se pretende agrupar a parcela segregada), Juana Pérez (parcela con refª catastral nº 0425729NH0102N0001MI), e parcela con refª catastral nº 0425752NH0102N0001AI; Sur Avda de Ferrol e parcela con refª catastral nº 0425726NH0102N; Este parcelas con refª catastrais nº 0425756NH0102N0001QI, 0425751NH0102N0001WI, 0425750NH0102N0001HI, 0425749NH0102N0001AI, 0425743NH0102N0001EI e 0425726NH0102N; Oeste José García Pérez e Ramona Reiriz González (parcela B á que se pretende agrupar a parcela segregada), Juana Pérez (parcela con refª catastral nº 0425729NH0102N0001MI).

PARCELA B: Parcela con refª catastral nº 0425728NH0102N0001FI segundo medición realizada e contemplada no Modificado do Estudio Técnico de 442,00 m<sup>2</sup> que linda: Norte Juana Pérez (parcela con refª catastral nº 0425729NH0102N0001MI); Sur Rosa Rodríguez Rivas e José Rodríguez Saborido (Parcela A); Este Rosa Rodríguez Rivas e José Rodríguez Saborido (Parcela A); Oeste Avda de Ferrol.

PARCELAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN E POSTERIOR AGRUPACIÓN:

Da PARCELA A (FINCA MATRIZ), segrégase unha superficie de 212,00 m<sup>2</sup> que agrégase á PARCELA B resultando finalmente:

PARCELA A (RESTO DE FINCA MATRIZ): segundo medición realizada e contemplada no Modificado do Estudio Técnico de 2.586,00 m<sup>2</sup> que linda: Norte José García Pérez e Ramona Reiriz González (parcela B á que se agrupa a parte segregada), en parte Juana Pérez (parcela con refª catastral nº 0425729NH0102N0001MI), e parcela con refª catastral nº 0425752NH0102N0001AI; Sur Avda de Ferrol e parcela con refª catastral nº 0425726NH0102N; Este parcelas con refª catastrais nº 0425756NH0102N0001QI, 0425751NH0102N0001WI, 0425750NH0102N0001HI, 0425749NH0102N0001AI, 0425743NH0102N0001EI e 0425726NH0102N; Oeste José García Pérez e Ramona Reiriz González (parcela B resultante da agrupación), e Juana Pérez (parcela con refª catastral nº 0425729NH0102N0001MI).

PARCELA B (RESULTANTE DA AGRUPACIÓN): segundo medición realizada e contemplada no Modificado do Estudio Técnico de 654,00 m<sup>2</sup> que linda: Norte Juana Pérez (parcela con refª catastral nº 0425729NH0102N0001MI); Sur Rosa Rodríguez Rivas e José Rodríguez Saborido (Parcela A resto de finca matriz); Este Rosa Rodríguez Rivas e José Rodríguez Saborido (Parcela A resto de finca matriz); Oeste Avda de Ferrol.

PROMOTOR/A: Rosa Rodríguez Rivas e José García Pérez.

PROXECTO: Estudio Técnico de Segregación e Agrupación de Parcela de xaneiro de 2016 / Modificado do Estudio Técnico de segregación de abril de 2016.


AUTOR/A ESTUDIO TÉCNICO: Mª Carmen Gago Fernández.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

### ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Por Rosa Rodríguez Rivas e José García Pérez, solicítase en escrito rexistrado de entrada na data 5.2.16, (Rexistro de entrada nº 1.174), licenza de segregación e posterior agrupación de parcelas con refª catastrais nº 0425727NH0102N0001TI e 0425728NH0102N0001FI sitas na Avda de Ferrol s/n, Riveira, achegándose Estudio Técnico de Segregación e Agrupación de Parcela de xaneiro de 2016 redactado por Mª Carmen Gago Fernández.

2.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 10 de marzo 2016 acordou por unanimidade **CONCEDER** a Rosa Rodríguez Rivas e José García Pérez **A LICENZA DE SEGREGACIÓN e POSTERIOR AGRUPACIÓN DE PARCELAS Nº 6/16** con refª





catastrais nº 0425727NH0102N0001TI e 0425728NH0102N0001FI sitas na Avda de Ferrol s/n, Riveira, solicitada, nos termos do Estudo Técnico de Segregación e Agrupación de Parcela de xaneiro de 2016 redactado por M<sup>a</sup> Carmen Gago Fernández.

3.- Posteriormente en escrito rexistrado de entrada na data 13.4.16, (Rexistro de entrada nº 4.096), Rosa Rodríguez Rivas e José García Pérez solicita a modificación de **LICENZA DE SEGREGACIÓN** e **POSTERIOR AGRUPACIÓN DE PARCELAS Nº 6/16** nos termos do Modificado do Estudo Técnico de Segregación e Agrupación de Parcela de abril de 2016 redactado por M<sup>a</sup> Carmen Gago Fernández.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** As parcelas obxecto da segregación e posterior agrupación clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO, CON ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILEIRA** e **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA**.

**Segundo.-** O artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (no sucesivo LOUGA), dispón que están suxeitos a previa licenza municipal os actos de edificación e uso do solo e do subsolo, tales como, entre outros, as obras de nova planta.


**Terceiro.-** O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 195 da LOUGA no que se esixe que coas solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, con exemplares para cada un dos organismos que deban emitir informe sobre a solicitude. Asemade, para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.


A estes efectos no expediente consta Estudo Técnico de Segregación e Agrupación de Parcela de xaneiro de 2016 e Modificado do Estudo Técnico de Segregación e Agrupación de Parcela de abril de 2016 redactado por M<sup>a</sup> Carmen Gago Fernández.

A petición da licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación no rexistro do Concello, ó tratarse de obra maior.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, entenderase outorgada por silencio administrativo, de conformidade co disposto nos artigos 43 e 44 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Cuarto.-** O Capítulo II da LOUGA (Intervención na edificación e uso do solo), sección 4<sup>a</sup>, Parcelacións artigos 204 e ss. establece que considerarase parcelación urbanística para os efectos desta lei, a división de terreos en dous ou mais lotes ou porcións, a fin da súa urbanización ou edificación, xa sexa en forma simultánea ou





sucesiva. Toda parcelación urbanística deberá acomodarse ó disposto nesta lei ou, en virtude dela, nos plans de ordenación.


**Quinto.-** O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.


**Sexto.-** No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 11/04/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.- CONCEDER** a Rosa Rodríguez Rivas e José García Pérez a **MODIFICACIÓN DA LICENZA DE SEGREGACIÓN e POSTERIOR AGRUPACIÓN DE PARCELAS Nº 6/16** nos termos do Modificado do Estudio Técnico de Segregación e Agrupación de Parcela de abril de 2016 redactado por M<sup>a</sup> Carmen Gago Fernández, presentado en escrito rexistrado na data 13.4.16, (Rexistro de entrada nº 4.096), resultando finalmente dous parcelas de modo que:

- **PARCELA A (FINCA MATRIZ):** Parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 0425727NH0102N0001TI segundo medición realizada e contemplada no Modificado do Estudio Técnico de 2.798,00 m<sup>2</sup> que linda: Norte José García Pérez e Ramona Reiriz González (parcela B á que se pretende agrupar a parcela segregada), Juana Pérez (parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 0425729NH0102N0001MI), e parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 0425752NH0102N0001AI; Sur Avda de Ferrol e parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 0425726NH0102N; Este parcelas con ref<sup>a</sup> catastrais nº 0425756NH0102N0001QI, 0425751NH0102N0001WI, 0425750NH0102N0001HI, 0425749NH0102N0001AI, 0425743NH0102N0001EI e 0425726NH0102N; Oeste José García Pérez e Ramona Reiriz González (parcela B á que se pretende agrupar a parcela segregada), Juana Pérez (parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 0425729NH0102N0001MI).
- **PARCELA B:** Parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 0425728NH0102N0001FI segundo medición realizada e contemplada no Modificado do Estudio Técnico de 442,00 m<sup>2</sup> que linda: Norte Juana Pérez (parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 0425729NH0102N0001MI); Sur Rosa Rodríguez Rivas e José Rodríguez Saborido (Parcela A); Este Rosa Rodríguez Rivas e José Rodríguez Saborido (Parcela A); Oeste Avda de Ferrol.
- **PARCELAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN E POSTERIOR AGRUPACIÓN:**
- Da **PARCELA A (FINCA MATRIZ)**, segrégase unha superficie de 212,00 m<sup>2</sup> que agrégase á **PARCELA B** resultando finalmente:





- **PARCELA A (RESTO DE FINCA MATRIZ):** segundo medición realizada e contemplada no Modificado do Estudio Técnico de 2.586,00 m<sup>2</sup> que linda: Norte José García Pérez e Ramona Reiriz González (parcela B á que se agrupa a parte segregada), en parte Juana Pérez (parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 0425729NH0102N0001MI), e parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 0425752NH0102N0001AI; Sur Avda de Ferrol e parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 0425726NH0102N; Este parcelas con ref<sup>a</sup> catastrais nº 0425756NH0102N0001QI, 0425751NH0102N0001WI, 0425750NH0102N0001HI, 0425749NH0102N0001AI, 0425743NH0102N0001EI e 0425726NH0102N; Oeste José García Pérez e Ramona Reiriz González (parcela B resultante da agrupación), e Juana Pérez (parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 0425729NH0102N0001MI).
- **PARCELA B (RESULTANTE DA AGRUPACIÓN):** segundo medición realizada e contemplada no Modificado do Estudio Técnico de 654,00 m<sup>2</sup> que linda: Norte Juana Pérez (parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 0425729NH0102N0001MI); Sur Rosa Rodríguez Rivas e José Rodríguez Saborido (Parcela A resto de finca matriz); Este Rosa Rodríguez Rivas e José Rodríguez Saborido (Parcela A resto de finca matriz); Oeste Avda de Ferrol.


**Segundo.-** O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado (artigo 197 da LOUGA).

**Terceiro.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

#### **XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





## XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

## XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Visto o escrito presentado por **Juan Antonio García Suárez** en representación de **Multiservicios García Parada, S.L.**, e **María del Pilar Rey Pérez** en representación de **Petrogas Barbanza, S.L.**, de data 31/03/2016 (Rexistro Policía Local nº 861/2016, de data 08/04/2016), no que solicitan unha zona reservada para carga/descarga na Rúa de Galicia – Riveira, á altura do nº 145.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 14/04/2016 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, acorda:


Autorizar a habilitación dunha zona reservada para carga/descarga con sinalización vertical e horizontal na Rúa de Galicia – Riveira, á altura do nº 145, según o sinalado no citado informe policial. Así mesmo, se informa que a autorización para vehículos destinados a tal fin, según a Ordenanza de Circulación do Concello de Riveira, no seu artigo 13.6, autoriza a camións de peso máximo de 12.500 Qg, e no mesmo artigo apartado 9, o horario para a súa utilización será de 8:00 h. a 13:00 h. e de 16:00 h a 19:00 h., de luns a venres, e sábados de 8:00 h. a 13:00 h., excepto festivos.


## SOLICITUDES DE SUBVENCIONES.

Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá, Víctor Reiriz Lampón**, de data 19/04/2016, en relación á Orde do 21 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2016 para a adxudicación de equipamento de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. (DOG 14/04/2016, núm. 71).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia, ao amparo da orde citada anteriormente, unha subvención en especie de equipamentos de emerxencia, coa seguinte orde de preferencia:





CONCELLO  
DE  
**RIVEIRA**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

- 1º: Liña 2: remolques para a atención ás emerxencias.  
2º: Liña 4: remolques de salvamento e rescate.  
3º: Liña 3. embarcacións pneumáticas de salvamento e rescate:

Segundo.- Solicitar un segundo equipamento, no caso de que unha vez resoltas todas as peticións quedaran existencias, segundo se recolle no artigo 4.1.f) da citada convocatoria. A orde de preferencia sería a mesma que a establecida no apartado anterior.


Terceiro.- Aceptar as condicións e demais requisitos esixidos na convocatoria.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario en funcións, dou fe e certifico.


Riveira, 21 de abril de 2016

Dou fe, o secretario en funcións

O Alcalde



Manuel Ruiz Rivas



José Martínez de Llano Orosa